



Cabanas

CONCELLO

Rúa do Concello, s/n – 15.621 CABANAS
Teléf. 981 49 59 59 – Fax 98143 19 44

INFORME DOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS

ASUNTO / OBRA: VALORACIÓN DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA ANORMALMENTE BAIXA CORRESPONDENTE ÁS OFERTAS PRESENTADAS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA “MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS: CAMIÑO DO CADAVAL E XESTAL” POS+2024. ACHEGA 2023.

PROMOTOR: CONCELLO DE CABANAS

DOCUMENTO QUE SE INFORMA: MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS: CAMIÑO DO CADAVAL E XESTAL. *JUSTIFICACIÓN BAJA TEMERARIA*, presentado por **CONSTRUCCIONES J MAURI E HIJOS SL y SONDEOS PORZUNA SL** como documentación requerida polo Concello de Cabanas con obxecto da xustificación da redución da oferta económica presentada para a realización da obra de referencia e incluída no documento designado como “*SOBRE ÚNICO: Oferta económica y referencias valorables automáticamente*”.

Emítase este informe a petición da Mesa de Contratación, con obxecto da revisión da documentación presentada polo referido licitante para a xustificación dunha oferta económica con valor anormal ou desproporcionado correspondente á realización da obra indicada no encabezamento deste escrito e dentro do proceso administrativo aberto para a contratación da mesma.

En cumprimento do solicitado e unha vez examinada nas dependencias municipais a documentación existente, **INFORMO:**

1. En relación á documentación incorporada para a xustificación da oferta presentada por **CONSTRUCCIONES J MAURI E HIJOS SL y SONDEOS PORZUNA SL**, non poden evaluarse en detalle as baixas segundo os capítulos específicos recollidos no proxecto técnico de referencia, por non especificarse as cifras correspondentes para cada un dele dentro da dita proposta económica ofertada.





2. Tomaranse como referencia para evaluar a oferta económica con valor anormal ou desproporcionado:
 - A documentación técnica que serviu de base para o procedemento de contratación da obra de referencia, en particular o seu capítulo adicado ao orzamento.
 - As determinacións contidas no apartado 15.4.4. do *PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADÍSIMO DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS*, no cal se recolle a documentación a aportar por parte dos licitadores para a xustificación da oferta con valores anormalmente baixos, establecéndose para elo uns criterios obxectivos a xustificar polas empresas aspirantes.
3. Tomando como base a documentación presentada por CONSTRUCCIONES J MAURI E HIJOS SL y SONDEOS PORZUNA SL, a xuízo da arquitecta técnica municipal, estímase que non pode terse por xustificada a baixa económica ofertada en base ás consideracións efectuadas na dita documentación, por non aportar na mesma os datos necesarios para ter en consideración a oferta segundo os criterios obxectivos contemplados no apartado 15.4.4. do prego de cláusulas administrativas particulares.

Tomando como base todo o anteriormente exposto e como **CONCLUSIÓN** do presente informe, estímase, a xuízo da arquitecta técnica municipal, como **NON XUSTIFICADA A BAIXA CON VALOR ANORMAL OU DESPROPORCIONADO** presentada polas empresas **CONSTRUCCIONES J MAURI E HIJOS SL y SONDEOS PORZUNA SL**, non correspondéndose a documentación achegada para a xustificación da súa oferta, básicamente, coa requerida no apartado 15.4.4. do *PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADÍSIMO DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS*.





Cabanas

CONCELLO

Rúa do Concello, s/n – 15.621 CABANAS
Teléf. 981 49 59 59 – Fax 98143 19 44

Este é o informe que emito, segundo o meu leal saber e entender, o cal someto a calquera outro criterio mellor fundado, e sen prexuízo da interpretación xurídica da Secretaría municipal.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará ao respecto o que estime oportuno.

